

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA TRINTA E UN DE AGOSTO DE DOUS MIL ONCE.

No Concello de Láncara, sendo as doce horas do día trinta e un de agosto de dous mil once, reúnese no Salón de Sesiões o Concello Pleno, para tratar os asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sres. Concelleiros: D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. José Manuel Neira Castro, D. Andres Manuel Caballero López, D. José Manuel Alvarez Rodríguez, D. Dario Antonio Piñeiro López, D. Pablo Rivera Capón, D. José Manuel García Aldegunde, D. Oscar Rodríguez Somoza, D. Carlos Fernández Díaz e D. Carlos Santiago López Sierra.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa de Secretario o accidental D. Gerardo Sobrado Ventosinos.

Aberto o acto pola Presidencia, dase conta dos seguintes asuntos:

1º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL ONCE.

2º.-DECRETOS Nº 125 O 182.

3º.-DAR CONTA PARA A SÚA RATIFICACIÓN DO DECRETO Nº 146, SOBRE HORARIOS DE TRABALLO DOS DELEGADOS DE OBRAS, MEDIO AMBIENTE E URBANISMO E DE EDUCACIÓN CULTURA E DEPORTES.

4º.- DAR CONTA PARA A SÚA RATIFICACIÓN DO DECRETO Nº 147, SOBRE VINCULACIÓN DE PARTIDAS PRESUPOSTARIAS NO ORZAMENTO DE GASTOS A NIVEL DE PROGRAMAS E CAPÍTULOS PARA ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL E PAGO DE NOMINAS DOS DELEGADOS DE OBRAS, MEDIO AMBIENTE E URBANISMO E DE EDUCACIÓN CULTURA E DEPORTES.

5º.-APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO ORZAMENTO ANO 2011.

6º.-ESCRITO DO MINISTERIO DE ECONOMIA SOBRE LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DOS TRIBUTOS DO ESTADO CORRESPONDENTES O ANO 2009.

7º.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INTALACIÓNS E OBRAS.

8°.-ESCRITO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, SOBRE TROCO DE TITULARIDADE DA ESTRADA LU-614 O SEU PASO POLA POBRA DE SAN XIAO.

9°.-ESCRITO DA CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, SOBRE DESDOBRAMENTO DO CORREDOR NADELA-SARRIA.

10°.-ESCRITO DA CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR, SOBRE SINLAMENTO DE FESTAS LOCAIS ANO 2012.

11°.-ESCRITO DE CARLOS ALVAREZ TEJEDOR EN REPRESENTACIÓN DE D. MANUEL TREBOLLE DIAZ, SOBRE ACORDO ADOPTADO POLO PLENO EN SESIÓN CELEBRADA O 26-04-2011.

12°.- ESCRITO DA CONSELLERIA DE FACENDA SOBRE VALORACIÓN DA ANTIGA CÁMARA AGRARÍA LOCAL E OFRECEMENTO DE VENDA OU PERMUTA.

13°.-ESCRITO DO CONCELLO DE TRIACASTELA DANDO CONTA DA CREACIÓN DE SOLO INDUSTRIAL EN TRIACASTELA.

14°.-RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL Nº 3 DE FACTURAS DO ANO 2010.

15°.-APROBACIÓN DAS FACTURAS PRESENTADAS DA FEIRA DE ANO E DA FESTA DOS ABOS, ANO 2011.

16°.-MOCION DO CONCELLEIRO DE CULTURA E DEPORTES D. ANDRES MANUEL CABALLERO LÓPEZ, SOBRE CONSTRUCCIÓN CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL.

17°.-ROGOS E PREGUNTAS.

1°.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL ONCE.

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día vinte e nove de xuño de dous mil once.

Por parte do portavoz do PSG-PSOE D. Dario a. Piñeiro López, manifesta que o seu grupo vai votar en contra de dito borrador por non estar dacordo co punto 2º “Decreto da Alcaldía Nº 121 sobre informe de Secretaría da disposición para nomeamento de cargos corporativos, funcións dos mesmos, delegacións etc” e insta a que por parte de Secretaría se emita unha certificación de dito informe.

Sometido o borrador a votación aprobase cos votos a favor dos membros do partido P.P. (5), CDL (1) e BNG (1) e en contra PSG-PSOE (4).

2°.-DECRETOS Nº 125 O 182.

Dase conta dos decretos da Alcaldía dende o Nº 125 ó Nº 182, ambos inclusive. O Pleno dase por enterado de ditos decretos.

3°.-DAR CONTA PARA A SÚA RATIFICACIÓN DO DECRETO Nº 146, SOBRE HORARIOS DE TRABALLO DOS DELEGADOS DE OBRAS, MEDIO AMBIENTE E URBANISMO E DE EDUCACIÓN CULTURA E DEPORTES.

Dase lectura integra ó decreto nº 146 da Alcaldía de data 05-07-2011, no que se fixa e concreta o horario de traballo dos Delegados-Concelleiros de Educación Cultura e Deportes D. Andres M Caballero López e do Delegado-Concelleiro de Obras Medio Ambiente e Urbanismo D. Carlos Fernández Díaz.

Por parte do portavoz do PSG-PSOE D. Dario a. Piñeiro López manifesta e pide que así se faga constar en Acta, que a fixación de ditos horarios non é competencia do Sr. Alcalde e que a tramitación en consecuencia non foi feita correctamente, polo que en consecuencia o seu grupo vai votar en contra da ratificación deste Decreto por xa haber votado en contra das dedicacións de ditos Concelleiros.

Sometido a votación o Decreto é ratificado polo Pleno cos votos a favor dos membros do partido P.P. (5), CDL (1) e en contra PSG-PSOE (4) e BNG (1), polo que o decreto queda ratificado por maioría.

4°.- DAR CONTA PARA A SÚA RATIFICACIÓN DO DECRETO Nº 147, SOBRE VINCULACIÓN DE PARTIDAS PRESUPOSTARIAS NO ORZAMENTO DE GASTOS A NIVEL DE PROGRAMAS E CAPÍTULOS PARA ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL E PAGO DE NOMINAS DOS DELEGADOS DE OBRAS, MEDIO AMBIENTE E URBANISMO E DE EDUCACIÓN CULTURA E DEPORTES.

Dada lectura integra o decreto nº 147.

Por parte do portavoz do PSG-PSOE D. Dario a. Piñeiro López manifesta que este Decreto debe ser informado polo Sr. Interventor, xa que así o di nas bases de execución do orzamento e por outra banda manifesta que por parte do Secretario-Interventor se informe si no orzamento do ano 2010 existía na partida de Altos Cargos consignación orzamentaria.

Sometido a votación o Decreto é ratificado polo Pleno cos votos a favor dos membros do partido P.P. (5), CDL (1) e en contra PSG-PSOE (4) e BNG (1), polo que o decreto queda ratificado por maioría.

5°.-APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO ORZAMENTO ANO 2011.

Dada conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do Presuposto desta Entidade, formado para o exercicio 2011 polo Sr. Alcalde-Presidente deste Concello. Considerando que na súa tramitación se cumpriron os arts. 162,163,164,166 e 168 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, Real Decreto 500/ 1990, de 20 de abril e E.H.A./40-41 2004 de 23 de novembro, polo que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local .

7°.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INTALACIÓNS E OBRAS.

Visto o borrador da modificación da ordenanza fiscal sobre imposto de construción , instalacións e obras.

Por parte do portavoz do PSG-PSOE D. Dario a. Piñeiro López manifesta que o seu grupo esta totalmente en contra de calquer subida de impostos que poida afectar a veciños do Concello e en todo caso sobre este asunto cree convinte que se estudiara e consensuara antes de tomar calquer acordo ao respecto e que propon que este asunto quede sobre a mesa.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Deixalo sobre a mesa para un mellor estudio.

8°.-ESCRITO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, SOBRE TROCO DE TITULARIDADE DA ESTRADA LU-614 O SEU PASO POLA POBRA DE SAN XIAO.

Visto o escrito da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, Dirección Xeral de Infraestruturas sobre troco da titularidade da rúa “Benigno Quiroga” .

Visto que o Concello solicitaba o troco de titularidade para que este tramo pasase a ser de titularidade Municipal.

Visto que a Consellería informa favorablemente dito troco

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Aceptar o troco de titularidade proposto por dita Consellería para que pase a ser de titularidade municipal e que se remita certificación deste acordo a dita Consellería.

9°.-ESCRITO DA CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, SOBRE DESDOBRAMENTO DO CORREDOR NADELA-SARRIA.

Visto o escrito da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sobre desdodramento do corredor Nadela-Sarria.

O Pleno dase por enterado do contido de dito escrito.

10°.-ESCRITO DA CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR, SOBRE SINALAMENTO DE FESTAS LOCAIS ANO 2012.

Visto o escrito rexistrado o día 27 de xullo de 2011, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que solicita que antes do próximo 30 de setembro se designen as festas locais para o Término Municipal de Lán cara.

Visto que en anos pasados as festas locais eran martes de entroido e luns de San Roque.

Visto que polo grupo Municipal do PSG-PSOE e BNG fan unha proposta para que as festas locais sexan o 20 de agosto San Roque e o primeiro luns de setembro, festa do Carmen.

Visto que a proposta do equipo de goberno (P.P. e CDL) e para que sexan o 21 de febreiro martes de entroido e 20 de agosto luns de San Roque.

Sometido este asuntos a votación,

O Pleno por maioría, e coa abstención do (PSG-PSOE e BNG)

ACORDOU:

1º.- Proponer como días festivos en todo o término municipal:

O martes de entroido que coincide para o ano 2012 o día 21 de febreiro

O 20 de agosto, luns de San Roque en todo o Término Municipal

2º.- Remitir certificación deste acordo a Delegación Territorial de Lugo, Xefatura Territorial de Traballo e Benestar.

11º.- ESCRITO DE CARLOS ALVAREZ TEJEDOR EN REPRESENTACIÓN DE D. MANUEL TREBOLLE DIAZ, SOBRE ACORDO ADOPTADO POLO PLENO EN SESIÓN CELEBRADA O 26-04-2011.

Visto o escrito epigrafiado.

E visto o acordo adoptado polo Pleno en sesión celebrada o 26-04-2011

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.- Nomear unha comisión formada por Carlos Fernandez Díaz, José Manuel Neira Castro, Dario Piñeiro López, e Carlos López Sierra , para visitar e informar sobre este asunto.

2º.- Que dita comisión sexa avisada telefónicamente cando se fixe a data e hora, que a ser posible sexa no mes de setembro, despois do día 10.

12º.- ESCRITO DA CONSELLERÍA DE FACENDA SOBRE VALORACIÓN DA ANTIGA CÁMARA AGRARÍA LOCAL E OFRECEMENTO DE VENDA OU PERMUTA.

Visto o escrito epigrafiado.

Visto que pola Consellería de Facenda se comunica que este inmovible se valorou na cantidade de 49.211,56 € e que o ofrecen por esta cantidade ao Concello, por venda ou senon permuta por outro inmovible de valor similar.

Visto que sería un inmovible interesante para o Concello.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.- Que por técnico municipal se faga unha valoración do prezo real deste inmovible.

2º.- Que se lle faga chegar dito informe a Consellería de Facenda.

3º.- Que en caso de non chegar a acordo algún se lle pregase a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia que comunique este Concello o día e hora da venda mediante poxa pública de dito inmovibles.

13º.- ESCRITO DO CONCELLO DE TRIACASTELA DANDO CONTA DA CREACIÓN DE SOLO INDUSTRIAL EN TRIACASTELA.

Visto o escrito do Concello de Triacastela, no que achega copia en Cd do Proxecto "Plan especial para creación de suelo industrial en Triacastela".

O Pleno dase por enterado.

14º.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL Nº 3 DE FACTURAS DO ANO 2010.

Vista a relación de facturas correspondente o exercicio 2010, pendentes de pago:

Wirth, fac. nº 1308975, CIF: A-08472276, guantes	306,28
Churrillo, fac. nº 644, CIF: B-27021195, goma vidro para tractor	2.343,95
Churrillo, fac. nº 135, CIF: B-27021195, diversos materiais para tractor	411,13
Churrillo, fac. nº 642, CIF: B-27021195, diversos materia para Tractor	826,58
Churrillo, fac. nº 643, CIF: B-2702119, reparación tractor	1.132,66
Grafic-Lugo, fac. nº 62, CIF: 271115138, materias oficina Para Concello	3.370,08
Grafic-Lugo, fac. nº 64, CIF: 271115138, revista escolar	826,00

O Pleno por unanimidade,
ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación ó recoñecemento extraxudicial de crédito nº 3/2011, por importe de 9.216,68 €, con cargo ó presuposto do exercicio 2011.

2º.-Pagar estes gastos de forma preferente con cargo ó presuposto do exercicio 2011.

3º.-Comunicarlles as empresas suministradoras que deben presentar as facturas mensualmente.

15º.-APROBACIÓN DAS FACTURAS PRESENTADAS DA FEIRA DE ANO E DA FESTA DOS ABOS, ANO 2011.

Vistar as factura presentadas ata a data :

Grafic-Lugo, fac. nº 61, carteis, tripticos, invitacións	2.393,04
Mª Isabel Piñeiro Díaz “Airexe”, fac. nº 6, comidas de Traballadores	22,80
Nova Frigsa, S.A. fac. nº 11N506655, falda para a comida ...	4.514,11
Diarrco Maderas S.L., fac. nº A/1440, tabla de pino e correa ...	214,76
José Fernández López, fac. nº 11, actuacións orquestas, Sabela Gaitas e trio	6.372,00
Arturo Rivera Díaz, fac. nº 95, diversos materias para feira	209,63
Carmen Torres Méndez, fac. nº 1, aluguer traxes	120,00
El Correo Gallego, fac. nº P 102.972, anuncio feira	177,00
Torvar, S.L.U, aluguer caseta PMP WC-00	380,90
Mª del Mar Losada Castedo, fac. nº 1 medallas, placa	675,00
Mercedes Fernández Darriba, fac. nº 6, carpas	2.360,00
Vazquez Asociados, fac. nº 8, agasallos festa 3ª idade	1.207,14
Vazquez Asociados, fac. nº 14 pastilleros varios	286,77
J. Salvador Bande Rivas, fac. nº 63, plancanha aislante	143,49
La Voz de Galicia, fac. nº 5705, anuncio	354,00
Talento Com.Com, fac. nº 418, azafata	188,80
O Pedregal, fac. nº 122, comidas	1.235,52
O Pedregal, fac. nº 123, comidas	7.268,40
Manuel López López, Instalaciones y Montajes Electricos fac. nº 3865, arcos decorativos	1.144,60
Hermanos López S.L., fac. nº 39, bombas	725,07
Fernández López Alicia, fac. nº 3, comidas	129,60

Adarve, fac. nº 180, publicidade.....	2.390,68
Pulpería Hnos. Mourelo Folgueiras C.B., fac. nº 58, por Comidas	190,08
Carnicería O Corgo S.C., fac. nº 36, carne	2.524,26
Pulpería Neira C.B., comidas	60,48
Pulpería M ^a Sol, fac. nº 2, comidas.....	362,88
Matilde López García, fac. nº 6, comidas.....	660,96
Ganados Abuin, fac. nº 56, 1 ternero	486,00
Ganado concurso	5.600,00
M ^a del Mar Losada Castedo, fac. nº 2, placas.....	197,00
M ^a del Mar Losada Castedo, fac. nº 3, trofeos	279,00
TOTAL.....	42.873,97
Relación de ingresos :	
Diputación Provincial de Lugo	3.500,00
Caixa Rural Galega.....	2.000,00
Seis pulperías X 150,00 €	900,00
63 tarxetas festa de maiores X 10,00 €	630,00
Carne a cargo de Tenreira Galega	981,15
TOTAL INGRESOS	8.011,15

Por parte do Voceiro do PSG-PSOE D. DarioA. Piñeiro López se manifesta que lle parece excesiva a facturación de Vazquez Asociados dado que presenta unha venta de 1.257 unidades de agasallos, cando a realidade e que asistiron a esta festa, non máis de 700 persoas.

Por parte do Sr. Alcalde respostaselle que efectivamente tamen lle parece excesiva, inda que seguramente se lle encargaron esas unidades en base a que non se sabia a xente que podía asistir, non obstante as que sobraron están custodiadas na Alcaldía e non ten inconvincente algún en que se poidan ver ou contar por calquera que o solicite.

O Pleno por unanimidade,

Prestou aprobación a relación de facturas de gastos e ingresos para a feira de ano e festa dos abos.

16º.-MOCION DO CONCELLEIRO DE CULTURA E DEPORTES D. ANDRES MANUEL CABALLERO LÓPEZ, SOBRE CONSTRUCCIÓN CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL.

Vista a moción do Concelleiro de Cultura e Deporte Andres M. Caballero López, que di:

“Comenzados ya los traajos para la construcción de un campo de futbol municipal en nuestro Ayuntamiento y concedida una subvención por parte del Grupo de Desenvolvemento rural GDR por un importe maximo del 40% sobre el precio real del proyecto.

En este caso el valor real del proyecto asciende a 555.000 mas IVA y el importe concedido es de 250.000 euros por eso

SOLICITO:

Acordar en el Pleno solicitar a los organismos oficiales Secretaría General de Deportes de la Xunta de Galicia y al Area de Deportes de la Diputación de Lugo que nos subvencionen el resto del proyecto para así poder finalizar la obra en dos anualidades 2012 y 2013.

Nos gustaría que todos los grupos políticos apoyaran nuestra idea ya que la demanda es alta y a la vez poder fomentar aún mas la practica de deporte tan importante hoy en nuestras vidas”

Toma a palabra o Concelleiro do PSG-PSOE D. Pablo Rivera Capón para facer constar que o seu partido non esta en contra de facer obras das que se beneficien os habitantes do Concello, pero que non é o momento adecuado para facer esta obra dado que hai necesidades máis apremiantes e urxentes dentro do Municipio e que incluso estamos ante un caso de facer unha instalación cando nin siquiera hai un equipo de fútbol en todo o Término Municipal e por outra banda o mantemento de dita instalación sería dun custo que quizais o Concello non podería asumir, polo cual neste punto ímonos abster inda que tamen queremos facer constar que dentro das nosas posibilidades colaboraremos si é preciso para que esta obra non se perda.

No mesmo senso manifestase o Concelleiro do BNG D. Carlos S. López Sierra.

Polo presentante da moción Concelleiro de Cultura e Deportes D. Andres M. Caballero López pídello apoio e o voto afirmativo os outros dous grupo, xa que houbo unha oportunidade de que nos financiaran esta obra por parte de Agader o cal xa comprometeu para o ano 2012 e 2013 250.000,00 € e que o restante áta completar o presuposto 555.555,43, sen IVE é o que solicita con esta moción para que se financie por parte da Deputación Provincial de Lugo e da Secretaría Xeral para o Deportes da Xunta de Galicia.

Sometido a votación aprobase esta moción coa abstención dos 4 Concelleiros do PSG-PSOE e 1 do BNG.

17º.-ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

Por parte do Voceiro do PSG_PSOE **D. Dario A. Piñeiro López**, roga que se acabe de limpar os tubos en Toldaos.

Polo mesmo Concelleiro roga que si se lle pode facilitar unha copia da Autorización da Confederación Hidrografica para a traida de auga a Mourillón e Toubille.

Polo Sr. Alcalde resposataselle que esa xestión foi feita cando el estaba de Alcalde, pero que non hai inconvinte en facilitarlla.

Polo Concelleiro **D. Carlos S. López Sierra**, roga que si se podería sinalizar a area recreativa de Láncara, que no seu día xa o fixera, solicitando tamen a do mirador, que por certo está ven sinalizado e que da as grazas por elo.

PREGUNTAS:

Por parte do Voceiro do PSG_PSOE **D. Dario A. Piñeiro López** fai unha pregunta na que manifesta que lle parece pouco común que na sesión da Xunta de Goberno Local de 06-05-2011 se acordara licitar as pequenas obras de infraestruturas para Concellos de menos de 5000 habitantes: “acondicionamento prazas públicas de outeiro, Colexio de Vilarello e Colexio de Monseiro” obras da Excmá Diputación Provincial e que posteriormente o 10 de agosto se manifestou a Diputación por acordo

da Xunta de Goberno Local deste día, que a adxudicación non se realizara ata que tomara posesión a nova Corporación e que en base a isto se solicita unha prórroga dun mes para o remate de ditas obras.

Polo Sr. Secretario respóndese que inda que non ten as actas destas sesións a man poida que axa un erro de redacción e que sobrase no segundo acordo o párrafo onde se dicía que a adxudicación non se realizara ata que tomou posesión a nova Corporación, pero que o acordo en si está ven tomado xa que o único que se pretendeu foi solicitar un mes para o remate de ditas obras.

Polo mesmo Concelleiro pregunta ¿Qué desexaría coñecer o motivo dos reparos que fixo o Secretario nunha Xunta de Goberno Local a varias facturas, pero como el non está presente que en seguinte sesión nos poida dar unha explicación ó respecto?.

Por último pregunta ¿Por qué non se levou esta sesión un recurso de reposición que ten presentado o PSG-PSOE contra o acordo sobre as dedicacións parciais dos dous Concelleiros do equipo de Goberno?.

Respostandolle o Sr. Alcalde que segundo as consultas realizadas ao respecto non é necesario levar este asunto a Pleno e que si quere ten outras vías para tramitar este recurso.

E non habendo máis asuntos que tratar dase por rematada a sesión, por orden do Sr. Alcalde, sendo as catorce hora trinta minutos extendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.